

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP PLURILINGÜE DE PUMAR-URDILDE

Índice

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. ANÁLISE SITUACIONAL	2
1.1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO .	2
2. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR.	4
2.1. Características socio-económicas.	4
2.2. Tipoloxía escolar	4
3. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE DO CENTRO.	5
3.1. Sinais de identidade: principios.	5
3.2. Valores que orientan a acción do centro.	6
3.2.1. Aconfesionalidade	6
3.2.2. Coeducación.	6
3.2.3. Pluralismo e valores democráticos.	6
3.2.4. Liña metodolóxica.	7
3.2.5. Lingua de Comunicación e Aprendizaxe.	7
4. OBXECTIVOS	9
4.1. Ámbito pedagóxico:	9
4.2. Ámbito Institucional.	10
4.3. Ámbito Administrativo.	10
5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	10
5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO:	10
5.1.1. Órganos unipersonais.	10
5.1.2. Órganos Colexiados:	11
5.2. EQUIPOS E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.	11
5.2.1. <i>Os equipos de ciclo.</i>	11
5.2.2. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.	12
5.2.3. Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.	12
5.2.4. Tutores.	12
5.2.5. Comisión de Coordinación Pedagóxica.	13
5.2.6. Departamento de Orientación	13
6. RÉXIME ECONÓMICO.	13
7. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS	13
7.1. Comedor	13
7.2. Transporte	14
8. ACTIVIDADES OFERTADAS	14
8.1. Complementarias	14
8.2. Extraescolares	15
8.2.1. Colexio.	15
8.2.2. ANPA	15
8.2.3. Concello	15
9. PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE	15
10. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS.	16
11. OFERTA DE IDIOMAS DO CENTRO.	16
12. ADSCRIPCIÓN AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.	17
13. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	17

14.RELACIÓNS DO CENTRO	17
15.ELABORACIÓN E DIFUSIÓN	18
16.AVALIACIÓN	18
16.1. METODOLOXÍA	18
16.2. OBXECTIVO E INSTRUMENTOS	19

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que se pretenden e expresa a estrutura organizativa do centro.

No PE hai que ter en conta as variables que nos permitan contextualizar a Comunidade Educativa.

Consideramos imprescindibles o contexto socioeconómico e cultural, as peculiaridades dos/as alumnos/as así como as concepcións educativas que pais e profesores mantemos para dotar ao centro cun estilo propio, cos seus sinais de identidade, coa finalidade de garantir a coherencia na formación do noso alumnado.

Neste proxecto establecemos as intencións educativas para os alumnos de Educación Infantil e Primaria. Estas intencións iranse determinando e detallando ao longo do proceso educativo sendo conscientes de que o van condicionar por responder a propósitos e finalidades que a sociedade asigna á escola no ámbito máis xeral dos valores e das actitudes, co carácter pluralista da sociedade.

A normativa legal na que se apoia o PE atópase na LOE (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de agosto, de educación), no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96) e na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se determinan aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02/09/1997).

A mencionada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu artigo 121 matiza os aspectos que se deben recoller no PE:

Os valores, obxectivos e prioridades de actuación

As características do entorno social e cultural do centro

A concreción curricular que aprobe o claustro.

Tratamento transversal das áreas da educación en valores e outras ensinanzas

Forma de atender á diversidade do alumnado

Plan de acción tutorial (PAT)

Plan de Convivencia (respectando o principio da non discriminación e da inclusión educativa como valores fundamentais así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na LODE (Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación).

Ademais, tendo en conta o artigo 87 do Decreto 374/1996 e partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, fixará os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

a. A organización xeral do centro

b. Os fins e as intencións educativas

c. Os obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística

d. A adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten

e. O Regulamento de réxime interior do centro.

f. A oferta do centro en canto a actividades e servizos.

g. As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

h. As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

A pesar de que na LOE non se cita o RRI (documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa), tendo en conta a normativa vixente (Decreto 374/1996), este debe incorporarse ao PEC

De acordo coa normativa vixente referente á orientación debe de incorporarse

O Plan de Orientación do centro

O Plan de Acción Tutorial (PAT),

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

Así mesmo e tendo en conta o Decreto 1/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, deben incluírse

O Proxecto Lector e o Plan de introdución das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Amparándose no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo tamén debe de incluírse o Proxecto Lingüístico do Centro.

Especificar que a formulación máis xeral das intencións educativas baséase no artigo 27.2 da Constitución Española así como nos principios recollidos no Capítulo I da LOE.

Estas intencións artículanse a través dos seguintes grandes eixes ou principios:

a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.

b. A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.

c. A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

d. A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.

e. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Engadir, que non pretendemos esgotar todos os elementos dunha posible concepción

educativa senón só destacar e priorizar os máis compartidos polos diversos sectores integrantes da comunidade educativa.

Indicar, por último, que temos que partir dun concepto de PE que será un documento vivo, cambiante, capaz de adaptarse ás novas necesidades que vaian xurdindo, ás novas características do alumnado, á nova normativa... introducindo as modificacións necesarias para poder acadar os obxectivos propostos.

1.1. ANÁLISE SITUACIONAL

1.1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO

A elaboración do P.E., como calquera actividade integrada no proceso educativo, ten que fundamentarse nun corpus legal, establecido polas Administracións Educativas, que recolla unha concepción determinada dos procesos de ensino - aprendizaxe, así como as orientacións para o seu desenvolvemento. En consecuencia partimos de:

a. Leis Marco

Constitución Española. (B.O.E. 29/12/1978)

Fundamentalmente, no artigo 27 e nos puntos que o desenvolven, figura recollido o dereito de todos á Educación, así como a Liberdade de Ensinanza.

Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. (B.O.E. 28/04/1981).

b. Lexislación Básica

Lei Orgánica 8/2013 para la mejora de la calidad educativa (LOMCE, B.O.E. 10/12/2013)

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (B.O.E. 04/05/2006)

Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación, tendo en conta a nova redacción dada aos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 31 (apartados c, d, f e m) e do artigo 57, cos parágrafos ou letras, engadidos, segundo a LOE.

Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE no 298, del 14-12-99).

Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE no313, del 29-12-04).

Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística (D.O.G.: 14/07/1983)

Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.

Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia (DOG 25/05/2010).

Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar (DOG 29/04/88) [Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88]

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (D.O.G. 21/10/1996). [C.E. 08/01/1997].

Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (D.O.G. 02/09/1997).

Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2o ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Observatorio de convivencia escolar. Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Dereitos e deberes do alumnado. Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE 30 de xullo de 2011)

Seccións bilingües. Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.

Xornada Única e Mixta. Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados

c. Implantación e Instrucións Organizativas

Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do Segundo Ciclo de Educación Infantil e se dictan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles Centros nos que se imparte o devandito ciclo. (D.O.G. 21/05/1992).

Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)

Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros. (B.O.E. 02/06/1995).

DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. 28/11/1996).

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (D. O.G. 19/12/1996).

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).

Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelc-tualmente. (B.O.E. 31/07/2003)

Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibi-lidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)

Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997)

Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a es-colarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30/01/03)

d. *Currículo*

Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. (B.O.E. 04/01/2007)

Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).

Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de Educación Primaria. (B.O.E.08/12/2006)

Decreto 130/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia(D.O.G. 09/07/2007)

Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995)

e. Avaliación

Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).

Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 30/11/2007)

Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)

2. ESTUDO E ANÁLISE DO CONTEXTO ESCOLAR.**2.1. Características socio-económicas.**

O CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde atópase no núcleo semi-rural de Urdilde, no concello de Rois. Escolariza a lumnado procedente das parroquias de Urdilde, Costa, Augasantas, Leroño e Ermedelo.

En toda a zona escolar excepto Urdilde predomina a actividade a grícola e gandeira, aínda que duns anos aquí estase producindo un trasvase de man de obra agrícola ao sector servizos e, en menor medida, á actividade industrial, representada por unha coñecida empresa de aluminio que emprega a persoas residentes en Rois e no concello veciño de Padrón.

As familias, en xeral, contan cos recursos básicos nos fogares que son, maioritariamente, vivendas unifamiliares. En Urdilde hai moito alumnado que reside en bloques de pisos e cuxos pais traballan habitualmente fóra do Concello

2.2. Tipoloxía escolar

O C.E.I.P. de Urdilde está situado no lugar de Pumar, na parroquia de Urdilde, concello de Rois, á esquerda da estrada de Santiago de Compostela a Noia.

É un Centro público, dunha liña, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A ubicación do colexio é eminentemente rural.

CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO	
Educación Infantil	2
Educación Primaria	5
Filoloxía Inglesa	1
Filoloxía francesa	1
Educación Musical	1
Pedagogía Terapéutica	1
Educación Física	1
Orientación (compartido)	1
Relixión Católica (compartida)	1

As características do edificio e espazo escolar son:

- edificio de planta baixa con

- 11 aulas
- 1 ximnasio
- 1 biblioteca
- 2 despachos
- 1 sala profesores
- comedor
- cociña
- patio cuberto

Funcionan no Colexio:

- Equipo docente de Ed. Infantil.
- Equipo docente de Primaria 1o ciclo
- Equipo docente de Primaria 2o ciclo.
- Equipo docente de Primaria 3o ciclo.
- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Equipo de actividades extraescolares.
- Equipo de normalización lingüística.
- Equipo de Novas Tecnoloxías.
- Equipo de Biblioteca

Así mesmo funcionan tamén, e desenvolven un traballo cooperativo co Centro:

- A.N.P.A.
- Concello

Para o funcionamento do Centro e á hora de elaborar o P.E.C., agás doutros indicadores tívose en conta a avaliación da Programación Xeral anual a memoria do curso anterior e os resultados da Avaliación de Diagnóstico que se ven realizando nos últimos anos, cuxos resultados foron estudados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e transmitidos ao Claustro.

3. PRINCIPIOS DE IDENTIDADE DO CENTRO.

3.1. Sinais de identidade: principios.

1. Os principios nos que se baseará e defenderá o colexio son os seguintes:
2. Financiamento con diñeiro público.
3. Educación para a liberdade, pluralismo, tolerancia e respecto ás diferenzas entre individuos e pobos.
4. Pedagoxicamente, desenvolverá o espírito crítico dos alumnos e o coñecemento científico dos múltiples aspectos da realidade.
5. Quere ser unha escola que se relacione directamente co entorno e dea resposta ás distintas necesidades que se plantexen, recollendo aportacións culturais que o entorno poida ofrecer.
6. Defenderase a liberdade de cátedra.
7. Somos e seremos un centro aconfesional.

8. Tentaremos que a escola se acomode ao neno e non á inversa.
9. Educar en liberdade e para a liberdade coa finalidade de preparar ao alumnado para a vida.
10. Fomentárase prioritariamente a autoconfianza e a autonomía persoal.
11. Evitarase calquera tipo de competitividade en detrimento da formación
12. Non se permitirá ningún tipo de discriminación por razón de sexo, relixión, crenzas, ideoloxía ou outra calquera, tanto no tocante ao alumnado como ao profesorado.
13. Non se permitirá o adoutramento en ningunha relixión nin moral concreta máis alá do que establezan o currículo das diferentes relixións que se impartan no centro, conforme á normativa vixente.
14. Tódolos alumnos serán tratados por un igual.
15. Respetarase o criterio profesional dos profesores.
16. Traballaremos na formación e no uso seguro e responsable das novas tecnoloxías da comunicación e a información (TICs)

3.2. Valores que orientan a acción do centro.

3.2.1. Aconfesionalidade

O C.E.I.P. Plurilingüe de Pumar-Urdilde declárase aconfesional, no senso de que carece dunha ideoloxía ou confesión concreta, absténdose de todo tipo de adoctrinamento, posto que se pretende respectar a liberdade de conciencia do alumnado (e das súas familias). Non se adoptarán posicións relixiosas ou ateas senón de total respecto hacia as crenzas de cada persoa; igualmente, maniféstase libre de calquera crenza ideolóxica ou política determinada. As informacións que reciba o alumnado serán o máis obxectivas posible.

Nembargantes, dado que a función docente é a de ser transmisora de valores, acataremos o esquema de valores aceptados socialmente como universais polo seu carácter non dogmático, aceptando as normas que ditamine a administración, xa que é a que define os fins educativos, os currículos que deben introducirse nas escolas e o modelo organizativo dos centros (aínda que ditamine o modelo, adaptarémolo dentro do posible, ás nosas necesidades).

3.2.2. Coeducación.

Pretendemos desenvolver unha actividade educativa que atenda aos seguintes principios:

Efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, e rexeitamento de todo tipo de discriminación.

Potenciar o desenvolvemento integral dos alumnos, partindo das súas capacidades e con independencia do sexo ao que pertenzan.

Orientar a actividade hacia unha educación para a igualdade, sen discriminación por razón de sexo e superadora de mitos e tabús.

3.2.3. Pluralismo e valores democráticos.

O Centro defenderá un método de ensino e aprendizaxe que se basee en feitos científicos, apoiado nun conxuntoto de valores democráticos e fomentando o pluralismo cultural dentro dunha sociedade culturalmente diversa.

O *reto* deste Centro será lograr a capacidade de dar resposta á diversidade do alumnado e ás súas necesidades como suxeitos individuais, pero tamén ás súas propostas como persoas pertencentes a grupos socioculturais que queren relacionarse entre si como participantes dunha mesma sociedade, pero que ao mesmo tempo pretenden desenvolver as características que lle son propias: formas de vida, costumes, valores, lingua e, en definitiva, a súa cultura.

O *modelo* a seguir responderá á práctica dunha educación pluralista baseada nos dereitos humanos, na organización democrática da sociedade e racionalidade cultural e científica. O Centro manterase neutral para que o pluralismo sexa efectivo.

As pautas á hora de ter en conta ao integrar aspectos culturais diferenciados na marcha cotián do Centro serán:

- Utilizar os múltiples recursos individuais así como a experiencia colectiva para basear a instrución na vida real e darlle un significado concreto.
- Crear no alumnado unha conciencia sobre a complexidade do ser humano e que esa mesma complexidade ocasione situacións problemáticas que poidan ser resoltas positivamente de xeitos diversos. Facilitar camiños alternativos para expresar os coñecementos e resolver problemas.
- Ensinar, directa ou indirectamente, sistemas de comunicación e habilidades que permitan tomar decisións e resolver conflitos que naturalmente xorden en grupos heteroxéneos.
- Axudar ao alumnado a entende-la influencia que a cultura exerce sobre as súas propias vidas, así como sobre as vidas dos demais, evitando a xeneralización que se adoita realizar sobre os grupos humanos e analizar os diferentes estereotipos .
- Desenvolver unha necesidade de entendemento das características dos distintos grupos humanos e o potenciar o xurdimento de lazos de comunicación entre os alumnos e alumnas que teñen procedencia diversa.
- Crear situacións nas que os alumnos e alumnas teñan que relacionarse de maneira efectiva e poidan valorar criticamente os prexuízos e os estereotipos.
- Provocar experiencias que permitan ao alumnado cuestionar as súas propias asuncións culturais, así como comparar e contrastar os diferentes papeis que cabe adoptar en contextos diferentes.

3.2.4. Liña metodolóxica.

Neste Centro trataremos de incidir nas necesidades individuais dos alumnos e alumnas.

- A liña metodolóxica a seguir basearase nos seguintes principios:
- Atención á diversidade do alumnado respectando as súas necesidades específicas e individuais.
- Unha globalización e interdisciplinabilidade de tódolos contidos, na medida do posible.
- Ensinar e fomentar técnicas e hábitos de estudo que favorezan a súa autoaprendizaxe.
- Adecuar os contidos o máis posible á realidade das necesidades (presentes e futuras) do alumnado.
- Fomenta-lo traballo cooperativo evitando a discriminación por razón de sexo, cultura...
- Procurarase seguir mantendo un clima de cooperación (colaboración, consenso, comunicación e traballo en equipo) de tódolos sectores implicados na labor educativa.
- Fomenta-las actitudes de respecto e confianza entre o alumnado e profesorado.

3.2.5. Lingua de Comunicación e Aprendizaxe.

LINGUA GALEGA. LEXISLACIÓN.

1. Disposicións marco-constitucionais,
 - a) Artigo 3 e 148.17º da Constitución Española.
 - b) Artigo 5, 27 e 31 da Lei Orgánica 1/1981 do 6 de Abril do Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Normativización da Lingua Galega.

- a) Decreto 173/1982, do 17 de Novembro sobre a normativización da Lingua Galega
3. Normalización Lingüística.
- a) Lei 3/1983 do 15 de Xuño, de normalización lingüística.
 - b) Decreto 247/1995 de 14 de Setembro que desenvolve a Lei 3/1983
 - c) Decreto 66/1997 de 21 de Marzo polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995.
4. Equipos de Normalización Lingüística.
- a) Artigo 63 do Decreto 347/1996 de 17 de Outubro.
 - b) Artigo 62 do Decreto 324/1996 de 26 de Xullo.
5. Exención da materia de Lingua Galega.
- a) Decreto 79/1994 de 8 de Abril sobre a exención da materia de Lingua Galega
 - b) Orde de 30 de Xuño de 1994
6. Horarios da materia de Lingua Galega
- a) Artigo 8o do Decreto 245/1992 do 30 Xullo polo que se establece o currículo de Educación Primaria.
7. Cursos de Galego e actividades de formación.
- a) Orde do 1 de Marzo de 1989
8. Validación de estudos de Lingua Galega.
- a) Orde do 6 de Abril de 1983.
 - b) Orde do 25 de Abril de 1989.
 - c) Orde do 26 de Novembro de 1993.

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Para coñecer a realidade lingüística do Centro elaboramos unha enquisa a contestar polos pais, profesores e alumnado.

A vista dos resultados obtidos, obsérvase que os profesores son maioritariamente bilingües (99%) e galego falantes (82%). Consideramos que a lingua materna dos alumnos é o galego (99%). Contamos cunha formación lingüística a nivel de perfeccionamento (95%) e de especialidade (27,2%).

Dos alumnos e alumnas matriculados/as neste Centro, o 99% ten como lingua materna o galego, e utilízano na súa casa.

Cómpre, non obstante, elaborar un proxecto lingüístico que sirva como referencia e como punto de partida para as actuacións que anualmente se desenvolvan no eido das linguas (galego, castelán e inglés) e cuxa finalidade será a de acadar as competencias fundamentais nestas áreas, ao tempo que se traballe na normalización e uso destes idiomas no ámbito escolar. Ditas actuacións reflectiránse anualmente nunha addenda ao proxecto lingüístico que se incorporará á Programación Xeral Anual (PXA)

Preséntase o Proxecto Lingüístico do noso centro como documento integrante deste PEC.

4. OBXECTIVOS

Neste apartado do proxecto educativo damos resposta á pregunta de : ¿QUE PRETENDEMOS?. Para elaborala respostas, marcámonos uns obxectivos. Estes obxectivos son os fins, os intereses, as metas que guían todo o conxunto de actividades que se levan a cabo no Centro. O Centro ten unha filosofía común xa explicitada nos valores defendidos, isto permítelle perseguir uns obxectivos compartidos. Os obxectivos dunha organización teñen poder dinamizador, cohesionador. Na medida en que unha organización non ten os seus obxectivos claros, este poder vai fallando.

Tendo en conta o exposto anteriormente, formulamos os seguintes obxectivos que, de xeito xeral propoñémonos acadar nos distintos ámbitos:

4.1. Ámbito pedagógico:

Desde a actividade pedagóxica formularemos uns obxectivos que comprendan non só as aprendizaxes escolares propiamente ditas, senon que integren tamén as actitudes e as normas de conduta do alumnado ao longo de toda a súa vida. O centro pretende, polo tanto, ser o brece no que medren os cidadáns e cidadás do futuro e ser transmisor dos valores democráticos que se corresponden coa concepción da nosa sociedade.

Así, a nosa actividade docente estará encamiñada á consecución dos obxectivos que se relacionan a continuación:

1. Dotar aos alumnos dos hábitos, capacidades e instrumentos básicos que lles faculten para adquirir un adecuado nivel de coñecementos, non só mentres dure a súa etapa de permanencia na institución escolar-, senón como actitude de aprendizaxe constante na súa vida.
2. Acadar a correcta comprensión e produción de mensaxes orais e escritas, tanto en galego coma en castelán, e tamén na lingua estranxeira, nun grao axeitado e esixible a cada nivel.
3. Comunicarse mediante a expresión artística, o razoamento matemático, a creatividade e a sensibilidade artística.
4. Coñecer o propio corpo e o seu desenvolvemento e adquirir hábitos de saúde e benestar.
5. Coñecer o entorno natural e social contribuindo á súa conservación e mellora.
6. Educar na realización de tarefas e actividades de forma reflexiva, activa e favorable ao traballo ben feito.
7. Favorecer o diálogo e o consenso como única forma de acadar solucións aos problemas da vida cotiá.
8. Fomentar hábitos hixiénicos e alimentarios correctos e promover actitudes positivas en aspectos de saúde e de calidade de vida.
9. Formar un tipo de persoa susceptible de emprender iniciativas, elaborar criterios propios, fomentar o seu espírito crítico e impulsa-lo razoamento.
10. Preparar ao alumno para interpretar as súas propias experiencias, expresar a súa afectividade de maneira espontánea e poder dar cauce á súa creatividade.
11. Utilizar os coñecementos adquiridos mediante procedementos axeitados na resolución de situacións problemáticas da vida cotiá.
12. Impulsar a autoconfianza e autoestima.
13. Acadar a identidade coma membros dunha sociedade e dun país que coñece e valora as súas raíces, pero que se proxecta cara ao futuro, Europa e o Mundo, integrándose nunha dimensión universalista que nos faga sentir que todos formamos parte dun mundo no que os seres humanos deben ser iguais e solidarios, sen distinción de razas, crenzas ou ideoloxías.
14. Educar na aceptación das normas e regras democráticas.

15. Comprometer aos alumnos na defensa dos dereitos humanos e da paz, así coma no respecto e defensa do medio ambiente, aproveitando racionalmente os recursos do entorno físico, facendo destes valores prioritarios.
16. Desenvolver mediante o diálogo e a tolerancia, actitudes críticas diante de diferentes manifestacións sociais.
17. Educar a cidadás e cidadáns competentes no uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, facendo deles usuarias e usuarios conscientes e responsables, dotándoos de estratexias útiles para buscar, seleccionar e reelaborar a información que se recibe á través da internet e favorecendo o bo uso das diferentes redes sociais que hoxe forman xa parte da nosa vida cotiá.
18. Potenciar a integración dentro da Comunidade Escolar de alumnos con dificultades de adaptación e aprendizaxe.
19. Facilitar ao profesorado a súa formación permanente.
20. Procurar a actualización pedagóxica continuada, favorecendo o traballo dos equipos docentes na liña da investigación.
21. Estimular ao profesorado no uso e manexo das novas tecnoloxías.

4.2. Ámbito Institucional.

1. Manter o centro aberto ao exterior favorecendo a integración da comunidade escolar nas súas actividades, nomeadamente a ANPA e o Concello, entidades coas que colaboraremos na medida do que nos sexa posible.
2. Favorecer a colaboración entre pais, profesores e alumnos para levar a bo termo os obxectivos propostos.
3. Promover a colaboración dos pais na xestión interna do centro a través dos medios que a normativa detemine, especialmente a través do Consello Escolar.
4. Poñer os medios para que as relacións entre os distintos estamentos que compoñen a Comunidade Educativa se desenvolvan cun espírito de colaboración.
5. Establecer cauces de comunicación e coordinación cos distintos centros aos que poidan acceder os alumnos ao rematar o período de escolarización on CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde.

4.3. Ámbito Administrativo.

1. Cumplir e facer cumprir as Leis e disposicións que sexan de aplicación para o desenvolvemento da práctica educativa.
2. Lograr a máxima democratización da xestión do centro coa colaboración do profesorado en todo aquilo que sexa posible.
3. Procurar que a xestión económica e pedagóxica do Centro sexa levada de forma regulamentada, concreta, clara e que sexa coñecida pola Comunidade Escolar no momento que así o demande.

5. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1. ÓRGANOS DE GOBERNO:

5.1.1. Órganos unipersonais.

Os órganos unipersoais de goberno constitúen o equipo directivo do Centro. Traballan de forma coordinada no desempeño das súas funcións. O seu mandato é de catro anos contados a partires do nomeamento.

- **Director**, as súas competencias están recollidas no artigo 132 da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e no artigo 27 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. .
- **Xefe de estudos** no artigo 34 do citado Decreto.
- **Secretario**, no artigo 35 do mesmo Decreto.

5.1.2. Órganos Colexiados:

- **Consello Escolar**. O Consello Escolar é o órgano a través do que participan na xestión do centro os distintos membros da Comunidade Escolar: pais ou titores, alumnos, profesores, persoal da administración e seivicios e un representante do Concello. As competencias do Consello Escolar están recollidas no artigo 47 do mencionado Decreto 374/1996, e no punto 80 do artigo único da LOMCE que da unha nova redacción ao artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Composición:

- O director, que é o presidente.
- O xefe de estudos.
- Un representante do Concello.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Cinco mestres elixidos polo claustro.
- Cinco representantes das familias do alumnado, entre os que se encontra un representante da ANPA.
- O secretario do centro, que actúa como secretario do Consello, con voz pero sen voto.
- **Claustro do Profesorado**. É o órgano propio de participación de tódolos profesores no goberno do centro, e ten a responsabilidade de planificar, coordinar-, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos docentes do centro. No noso Colexio, o claustro está formado por 12 mestras e mestres de educación infantil e educación primaria ademais da xefa/xefe do departamento de orientación.

As competencias do Claustro recóllense no artigo 47 do Decreto 374/1996 e no artigo 129 da Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación

5.2. EQUIPOS E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

5.2.1. Os equipos de ciclo.

Agrupan a todas/os as/os mestras/es que imparten docencia nel; son os órganos básicos encargados de analizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias de cada ciclo.

Cada un dos equipos de ciclo está dirixido por un coordinador ou coordinadora. Os coordinadores desenvolven o seu cargo durante dous cursos académicos, e son nomeados polo director, oído o equipo de ciclo.

Neste centro, facemos unha xuntanza tódolos mestres titores do ciclo e entre nos eliximos ao coordinador, que fará reumóns unha vez ao mes cos demais compañeiros de ciclo, levantando acta de cada xuntanza.

As súas competencias recóllense no D.O.G. do 21 de Outubro de 1996, nº 206, Art. 54, e son, entre outras:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro, relativas á elaboración do proxecto educativo e á programación xeral anual.

- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos cumculares de etapa ou a súa modificación.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elabora-la programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas.

O equipo docente de clase está formado por tódolos profesores que imparten clase a un mesmo grupo de alumnos. Será coordinado polo titor correspondente e as súas funcións serán: adaptar a cada clase o concreción curricular, realizar adaptacións cumculares dos alumnos que o precisen, coordinadamente co Departamento de Orientación; avaliar aos alumnos do grupo de maneira colexiada, deixando constancia na acta correspondente.

Obxectivos dos equipos de ciclo

1. Analiza-la problemática social ou familiar do alumnado de cada ciclo.
2. Información do coordinador a tódolos profesores do ciclo, e se require o caso, ao claustro de profesores, dos alumnos e ou alumnas que teñan algún problema.
3. Comunicar á Comisión Pedagóxica as variantes que se deben introducir na programación.
4. Establece-los métodos e horarios que sexan viables dentro da estrutura do Centro, para intentar^ré^opera^os dmmr^os^ahimias que non seguen a marcha normal da ola^ (Adaptación CmTicular)^}
5. Programa-las visitas culturais a realizar de acordo coas posibilidades do Centro.
6. O final do curso, posta en común sobre aqueles alumnos e alumnas que, polas razóns que sexan, necesitan repetir nivel.
7. Elaboración do informe para a memoria Fin de Curso.

5.2.2. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Teñen carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo. Así cabe considerar as visitas, traballos de equipo, viaxes de estudio, etc; pola contra, as actividades extraescolares son as que teñen lugar fora do horario lectivo e poden celebrarse no centro ou non.

5.2.3. Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.

Foi constituídos para potencia-lo uso da lingua galega. Está formado por un profesor de cada ciclo, por proposta dos seus integrantes.

Os membros do equipo son nomeados polo director.

- Poderán incorporarse ao traballo do equipo outros membros da Comunidade Educativa.

As súas competencias están no mesmo D.O.G. do 21 de Outubro de 1996, n° 206, Art. 64.

Coordinador de Equipo de Normalización Lingüística A coordinación do equipo de normalización lingüística é desenvolvida por un profesor con destino definitivo no Centro.

Desempeña as súas función durante dous anos As súas funcións están no mesmo D.O.G., Art. 68.

5.2.4. Titores.

Cada grupo de alumnos terá un titor (designado polo director a proposta do xefe de estudos e de acordo co establecido no artigo 80 do Regulamento orgánico das escolas de E. Infantil e os Colexios de Ed. Primaria), e as súas funcións están indicadas no artigo 81 do Regulamento antes citado. 4.3.2.- Coordinadores.

5.2.5. Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica está formada polo/a director/a, como presidente/a; o/a xefe/a de estudos, os/as coordinadores/as de ciclo, a/o mestra/e de Pedagogía Terapéutica, a/o mestra/e de Audición e Linguaxe (se houbera), a xefa ou xefe do Departamento de Orientación e a persoa coordinadora do EDNL. Actúa como secretario un membro da comisión designado polo director, óidos os restantes membros.

As súas competencias está no mesmo D.O.G., art. 62

5.2.6. Departamento de Orientación

A súa composición e funcións estaán recollidas na Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Entre estas funcións cómpre salientar a de facer avaliacións psico-pedagóxicas do alumnado para detectar posibles problemas de aprendizaxe e establecer, xunto coas persoas especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e o/a titor/a do alumno, as oportunas medidas de reforzo educativo ou, de ser o caso, prestar asesoramento para a realización dunha Adaptación Curricular.

A xefatura do Departamento de Orientación, dentro das súas competencias, coordinará as actuacións das persoas especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. Do mesmo xeito, elaborará o Plan de Orientación e o Plan de Atención á Diversidade, que se recollen como documentos adxuntos a este PEC.

6. RÉXIME ECONÓMICO.

A xestión económica dos centros está recollida na LOMCE dentro o Título V Capítulo II, artigo 122. E no que non se opoña a esta Lei, no recollido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e na Orde de 22 de xullo de 1997 (D.O.G. do 2 de setembro)

As escolas de E. Infantil e colexios de E. Primaria teñen autonomía na súa xestión económica no marco establecido na normativa vixente.

Ademais de recibir recursos necesarios para cumprí-los seus obxectivos con criterios de calidade, tamén poderán obter recursos complementarios. Estes recursos deberán ser aplicados aos seus gastos de funcionamento e non poderán proceder das actividades desenvolvidas polas asociacións de pais e alumnos no cumprimento dos seus fins.

Os centros poderán recibir achegas voluntarias dos pais de alumnos ou de outras institucións de acordo co establecido na lexislación vixente.

A comisión económica, despois de ser aprobado polo Consello Escolar, debe presentar para a súa autorización polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o plan de accións encaminadas á obtención de recursos complementarios.

No noso caso, a comisión económica está formada polo director, un profesor, un representante do Concello e un pai.

As súas funcións está no Art. 104 do D.O.G. repetidamente citado.

7. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro ofrece os servizos complementarios de Comedor e Transporte.

7.1. Comedor

O comedor escolar é de xestión directa por parte da Xunta de Galicia. Acolle a practicamente todo o alumnado que na súa maioría disfruta de gratuidade total.

O comedor organízase nunha quenda única e está atendido por cinco persoas colaboradoras entre nais e profesores. A persoa encargada do comedor é unha mestra do centro. Os menús son

variados e as familias reciben semanalmente unha nota cos menús que serán servidos ao longo da semana seguinte.

Pretendemos que co servizo de comedor o alumnado aprenda as normas de urbanidade elementais á hora de comer, o uso axeitado dos cubertos e que manteña a compostura durante o tempo que permanecen no recinto. Habitualmente o alumnado de Educación Infantil acude cinco minutos antes que o resto dos comensais, xa que por ser os pequenos adoitan tardar máis en rematar a comida. As persoas colaboradoras son as encargadas da atención ao alumnado ata a hora de subir aos autobuses. En ningún caso se permite a saída do alumnado non transportado antes de que as súas familias veñan a recollelos.

7.2. Transporte

O servizo de transporte escolar está adxudicado á empresa Viajes Rois, S.L., que funciona baixo a marca comercial de «*Autocares Bustelo*»

Se organiza en tres liñas que teñen un recorrido máximo de 45 min dende a orixe ata o seu destino.

8. ACTIVIDADES OFERTADAS

Ao longo do curso escolar no centro lévanse a cabo diversas actividades e conmemoracións. As actividades complementarias detállanse anualmente na PXA do curso correspondente, pero en liñas xerais, ofértanse as seguintes:

8.1. Complementarias

Son actividades complementarias as realizadas dentro do horario escolar anualmente levamos a cabo:

- **SAMAÍN/HALLOWEEN.** O equipo de biblioteca e o EDNL coordinadamente, propoñen ao claustro algunhas actividades para conmemorar esta data. Tratamos de combinar ou polo menos de compatibilizar aquilo que responde directamente á nosa cultura coa celebración “importada” dos EE.UU.
- **NADAL.** O último día antes das vacacións de nadal realizamos actividades que poden ou non estar relacionadas coa celebración relixiosa. Son actividades abertas á asistencia das familias.
- **DÍA DA PAZ.** Aparte das actividades propias de cada aula relacionadas coa cultura da paz, adoitamos levar a cabo conxuntaente algún acto sinxelo de características lúdico-educativas relacionando coa Educación para a Paz.
- **ENTROIDO.** Celebramos estas datas cun festival de disfraces, aberto á asistencia e participación das familias. Procuramos que a temática garde relación co Proxecto Común de Centro.
- **LETRAS GALEGAS.** Ás veces facemos coincidir o Festival de fin de curso coa Semana das Letras Galegas, co que este festival ten moitas referencias á persoa homenaxeada nese ano. No caso de non coincidir, o EDNL organiza algunha actividade conxunta que realizamos nalgunha instalación común(biblioteca, ximnasio, vestíbulo...) para celebrar o día das nosas letras.
- **FESTIVAL DE FIN DE CURSO.** Neste festival, ao que acuden nais e pais en gran número, o alumnado representa obras de teatro ou fai algún tipo de actuación musical. Non ten unha data fixa, pero adoita ser hacia o final do curso escolar.
- **SAÍDAS DIVERSAS.** En función da oferta que haxa e tratando de planificalas anualmente na PXA, cada ano asistimos a actividades de teatro, títeres, contacontos, concertos, etc que programa o Concello. Temén consideramos a conveniencia de asistir a espectáculos ou exposicións que teñen lugar fóra do concello, principalmente a Santiago de Compostela.

- **OUTRAS ACTIVIDADES.** Existen outro tipo de actividades convocadas habitualmente polo Concello de Rois, como o concurso de debuxos do Día da Muller ou o certame literario “Rois no camiño das Letras Galegas”. Temén entrarían dentro deste apartado actividades que non se levan a cabo necesariamente cada ano, como por exemplo, encontros deportivos co CPI dos Dices.

8.2. Extraescolares

Teñen a consideración de actividades extraescolares aquelas que teñen lugar fóra do horario escolar; poden ser organizadas polo propio centro, polo Concello ou pola ANPA. Poden variar cada ano, pero en xeral estas son as máis propostas.

8.2.1. Colexio.

- Unha excursión xeral de todo o alumnado ben conxunta ou ben por eteapas/ciclos que ten lugar habitualmente no mes de maio ou a principios do mes de xuño.
- Excursión de fin de Primaria do alumnado de sexto curso. Xeralmente este alumnado vai de excursión a Madrid 4 días, pero isto pode ser cambiado en función das suxerencias e da dispoñibilidade do profesorado que os acompaña.

8.2.2. ANPA

A Asociación de Nais e Pais do Alumnado organiza cada ano actividades que teñen lugar nas instalacións do centro. As actividades son elixidas anualmente polas familias a partir dun formulario que a ANPA envía aos domicilios. As actividades máis demandadas adoitan ser:

- Inglés
- Informática
- Manualidades

8.2.3. Concello

En coordinación coa ANPA, o Concello ofrece cada ano actividades culturais e deportivas; estas últimas lévanse a cabo no pavillón polideportivo próximo ao colexio. Se hai nenos apuntados a predeporte, esta actividade ten lugar no ximnasio do centro. As actividades máis solicitadas son:

- Fútbol Sala
- Patinaxe
- Predeporte
- Contacontos

9. PROMOCIÓN DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

Diferentes informes alertan de que a xuventude esta adoptando progresivamente unha estilo de vida máis sedentario, o uso masivo das Tecnoloxías da Información e da Comunicación e afección dos máis novos á televisión e aos videoxogos pode provocar que os nenos e xóvenes saian menos de casa, que teñan relacións sociais de menor calidade e que aparezan problemas de tipo físico e emocional. É evidente de que no ámbito occidental ao que pertencemos debemos afrontar o problema da obesidade infantil, propiciada polos hábitos de vida sedentarios xa mencionados e polo consumo da chamada «comida basura».

Nestas circunstancias, resulta preciso que os centros educativos desenvolvan programas específicos para encarar e minimizar estes problemas.

- No noso centro seguiremos desenvolvendo, mentras as circunstancias o permitan a «Semana dos Almorzos Saudables», cunha longa tradición xa. Este programa ten como obxectivo fundamental animar ao alumnado a facer un almorzo variado, san e nutritivo. Outro punto de importancia son as familias, que deben ser conscientes da importancia de que o alumnado almorce antes de vir ao colexio e teña así a enerxía precisa para afrontar unha longa xornada de traballo.
- Relacionado con isto, en algúns cursos de educación infantil e primaria estanse levando a cabo pequenos «talleres de cociña» no que as nenas e nenos aprenden rudimentos de cociña e valoran a importancia dos ingredientes naturais e obtidos no contorno máis próximo.
- Por suposto, o comedor escolar debe funcionar como estimulante dunha alimentación san mediante a elaboración de menús o máis variados e equilibrados posible, facilitando que as nenas e nenos cheguen a comer alomenos de case todo.
- O departamento de Educación Física, pola súa parte, ten entre os seus obxectivos fundamentais facer que o alumnado aprecie e valore a actividade física como fonte de saúde e, ao mesmo tempo, de pracer. Así, programará, na medida do posible, actividades que resulten «diferentes» e motivadoras e traballará especificamente para que conseguir que o alumnado valoren positivamente o tempo libre e a actividade física como fonte de lecer e de saúde.

10. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS INSTITUCIONAIS.

Ao longo dos últimos anos, promoveuse a integración do centro en diversos programas. O Claustro e Consello Escolar amosáronse sempre receptivos e, como consecuencia, a día de hoxe o CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde está participando en:

- **Programa de centros plurilingües.** Coa nosa incorporación a este programa no curso 2012-2013, o alumnado do colexio comezou a recibir a clase de Educación Artística (Plástica) en inglés. Contamos ademais, coa presenza dunha persoa auxiliar de conversa entre os meses de outubro e maio. Fálase máis polo miúdo deste programa no Proxecto Lingüístico que se adxunta.
- **Proxecto ABALAR.** As aulas de 5º e 6º curso están dotadas do equipamento correspondente ao proxecto Abalar. Desde a nosa incorporación a este proxecto no curso 2012-13, a valoración do mesmo foi moi positiva tanto por parte do claustro de profesores como por parte das familias. Nunha zona xeográfica na que o ADSL non chega a todos os fogares, que deben conectarse a internet á través da tecnoloxía 3G, este proxecto posibilita a adquisición da Competencia Dixital, unha das denominadas “*competencias clave*” no currículo de educación primaria.
- **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.** A biblioteca do centro pasou de ser unha axencia de lectura da Biblioteca Municipal de Rois, con pouco uso, a convertirse nun recurso didáctico de primeira orde coa integración no PLAMBE. Os recursos económicos asignados e a vontade do Claustro e do Consello Escolar serviron para ampliar o espazo dedicado á biblioteca, para mellorar o seu aspecto e para dotala de novos fondos, mobiliario e equipamento informático e audiovisual. Do mesmo xeito e grazas á labor de coordinación do equipo de biblioteca, comezamos a desenvolver un Proxecto Común de Centro, cuxa temática varía cada ano, con moi bos resultados, polo que contamos con incorporalo como unha ferramenta máis á nosa tarefa educativa.

11. OFERTA DE IDIOMAS DO CENTRO.

O colexio non ofrece idiomas diferentes aos establecidos dentro das materias obrigatorias, esto é: Lingua Galega, Lingua Castelá e Inglés. No catálogo de postos de traballo do centro existe unha praza de profesor/a de Francés que ven desenvolvendo o seu labor profesional como titora de educación primaria.

12. ADSCRIPCIÓN AO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

O CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde está adscrito ao CPI dos Dices, en Rois. Habitualmente o alumnado que se vai incorporar á Educación Secundaria Obrigatoria é convocado, xunta coa súa familia, para facer unha visita ao centro antes do remate do curso académico no que dito alumnado remata sexto curso de primaria.

A pesar desta adscripción oficial, existe unha adscripción “extraoficial” que ven dada pola peculiar distribución dos núcleos de poboación do concello, moi alionxados entre si; hai anos que a ANPA obtivo a autorización para que o alumnado das parroquias máis próximas ao Concello de Brión se poida ecolarizar no IES de Brión se o desexa. Naturalmente as cifras varían cada ano, pero en cada curso temos alumnas e alumnos que continúan os seus estudos en ambos institutos. Igual que no caso anterior, o alumnado que vai comezar estudos neste IES é convocado a unha reunión informativa antes de rematar sexto de primaria.

13. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O colexio de Urdilde é, dende hai moitos anos, unha institución moi valorada polos veciños tanto do propio núcleo de Urdilde, como das parroquias que entran dentro da súa área de escolarización. A razón desta excelente valoración atopámola, sen dúbida no feito de que este foi sempre un centro aberto á comunidade e as súas instalacións serviron para actividades de distintas asociacións ou entidades culturais. Na actualidade, o centro pon a disposición das entidades que o precisen as súas instalacións de xeito gratuíto.

As condicións que se poñen para o uso das instalacións do centro son as de solicitar autorización por escrito á dirección do centro, indicando a entidade solicitante, as datas e o tipo de actividade que se pretende desenvolver, así como o horario e o compromiso de responder polos desprefectos ou outros incidentes que se poideran producir. Á vista da solicitude o director informa favorable ou desfavorablemente. No caso de informe desfavorable dase traslado mediante informe razonado ao solicitante; no caso de ser favorable darase traslado do informe favorable ao solicitante á vez que se informa, por escrito e adxuntando copia da solicitude, ao Servizo Inspección para o seu coñecemento e traslado ás instancias correspondentes de cara a obter a autorización pertinente.

14. RELACIÓNS DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe de Pumar-Urdilde mantén relacións institucionais con diferentes entidades que forman parte da comunidade escolar.

- A ANPA, que programa actividades extraescolares ao longo da semana. Colabora economicamente nas visitas culturais e noutras actividades que xurden ao longo do curso.
- O CONCELLO, con quen se mantén unha relación fluída; adoita organizar actividades extraescolares de tipo deportivo en coordinación coa ANPA; tamén utiliza diferentes instalacións do centro (principalmente a sala de informática) para ofrecer actividades á comunidade escolar; no verán adoita solicitar o uso dalgunha parte das inosas instalacións para levar a cabo actividades lúdico-deportivas con alumnado de todo o concello; non podemos esquecer, por último, a súa aportación económica para a realización de diferentes actividades e saídas culturais do alumnado do colexio.
- O CENTRO DE DÍA de Urdilde. En xeral, adoitamos invitar aos maiores do centro de día aos diferentes festivais que se programan (nadal, entroido, fin de curso), Ocasionalmente teñen vido ao centro para falarlle ao alumnado de xogos tradicionais ou de como era a vida nas aldeas cando eles eran novos. Polo Nadal o alumnado de segundo e terceiro ciclo failles unha visita e cántalles panxoliñas.

15. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN

O presente Proxecto Educativo de Centro foi elaborado, nas súas liñas básicas, polo equipo directivo e a súa redacción final e aprobación inicial responde ao traballo conxunto do Claustro do Profesorado. Unha vez rematado, preséntase ao Consello Escolar para a súa modificación se é necesaria e, se procede, a súa aprobación. Logo deste paso envíase copia á Inspección de Educación Primaria, entégase un exemplar do mesmo á directiva da ANPA e procédese á súa publicación na páxina web do centro. De igual xeito, depositase unha copia na secretaría do colexio para que poda ser consultado polas persoas interesadas.

16. AVALIACIÓN

É necesario incluír neste proxecto un deseño de avaliación no que estableceremos a maneira de obter información que nos permita emitir un xuízo de valor sobre a súa validez como guía e orientación.

A hora de facer o deseño da avaliación é necesario que nos preocupemos pola avaliación do contido do documento e tamén da súa elaboración, aplicación e dos cambios que supuxo e xenerou no Centro. Así pódese comprobar como está incidindo na mellora da calidade e no proceso de autonomía institucional. É preciso que analicemos as respostas a preguntas como: como se realizou?; por que se fixo así?; que resultados está tendo?; que o está aplicando?; que está fallando?; que e como se pode mellorar?.

16.1. METODOLOXÍA

- A metodoloxía máis axeitada que seguiremos para realizar a avaliación é o enfoque cualitativo, xa que:
- O obxecto da avaliación é todo o proceso.
- Calquera feito é algo único, xa que se da dentro dunha realidade moi complexa onde as variables independentes non se poden illar nin transportar duns contextos a outros sen sufrir ningunha alteración.
- A estratexia da avaliación é holística e non particularista.
- Movémonos nunha situación dinámica e cambiante, e así tense que reflectir no deseño flexible da avaliación.
- Os contextos e as súas particularidades tamen inflúen e non poden deixar de considerarse.
- O avaliador ten que estar próximo aos datos e coñecelos dende dentro, como garantía para sitúalos e explícalos dentro da realidade na que están inmersos.
- Os instrumentos a utilizar serán múltiples e sempre segundo as necesidades.
- A maneira de recoller a información será obxectiva, válida e fiable.
- As condicións que ten que cumprir a avaliación serán: útil, fiable, ética e exacta.

As formas de abordar a avaliación serán:

- Camiño descendente: proven da decisión de axentes externos.
- Camiño ascendente: o centro porá en marcha procesos de autorreflexión e de autoavaliación. Serán os propios protagonistas os que coa súa valoración e análise emitan xuízos.
- Camiño en espiral: combina a iniciativa interna do centro coa axuda de avaliadores externos, que aportarán máis independencia ao estar menos implicados na acción.

Avaliadores

- Axentes externos
- Axentes internos

16.2. OBXECTIVO E INSTRUMENTOS

Ver se o que se fixo é útil para conseguir o que se pretende.

Autorreflexión e autoavaliación institucional dos propios protagonistas para conseguir unha mellora.

Autorreflexión e autoavaliación institucional dos propios protagonistas.

As técnicas ou instrumentos dos que nos valeremos serán os resultados da avaliación de diagnóstico, da memoria do curso anterior, revisión da programación anual, cuestionarios (cerrados, abertos, mixtos), escalas de observación, escalas de estimación, entrevistas (individual, grupal, formal, informal), observacións (participante, non participante, directa, diferida), documentos.

Logo de recoller a información periódica farase unha análise e revisión de documentación.

Utilizaremos complementariamente diferentes técnicas, instrumentos e fontes para que a avaliación sexa o máis fiable posible, e será milia avaliación continua, fonnativa e sumativa.